FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

PROXECTO CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO INFANTIL MIXTO

Tempada 2015 – 2016. Circular 15-45.

1.- PARTICIPACIÓN

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubes inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de Water-polo.

1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubes presenten unha relación de xogadores segundo o ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.4.- A idade dos xogadores será a dos nacidos no ano 2002 e posteriores en categoría masculina e feminina.

2.- INSCRICIÓNS

2.1.- Os clubes deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 60 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubes que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do Campionato Galego Infantil.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

3.- CALENDARIO

3.1.- Celebrarase un Campionato de inverno segundo o calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicaríase oportunamente a todos os clubes, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

3.2.- Celebraranse un Campionato de verán segundo calendario. A data pode ser modificada sempre que afecte dalgún xeito, e previa xustificación, ás competicións nacionais, nese caso comunicaríanse oportunamente a todos os clubes, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

4.- SISTEMA DE XOGO

4.1.- O sistema de xogo será en función da normativa publicada pola RFEN para a disputa do Campionato de España Infantil.

4.2.- Todos os partidos acabarán cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.3.- Xogarase conforme á Normativa Xeral de Wáter-Polo.

4.4.- El sorteo será dirigido, de tal forma que los primeros clasificados en la Liga no podrán cruzarse hasta una hipotética final, y los equipos que han participado en la misma tendrán preferencia en los cruce ante los equipos inscritos por primera vez.

Ejemplo para 6 equipos de la liga más 2 equipos nuevos:

1º Clasificado – Equipo Nuevo 1

4º Clasificado – 5º Clasificado

3º Clasificado – 6º Clasificado

2º Clasificado – Equipo Nuevo 2

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

5.- OBRIGAS DOS EQUIPOS

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

6.- TÍTULOS E PREMIOS

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña,

Secretaría Xeral FEGAN